

ORDENANZA REGULADORA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO XANTAR SOBRE RODAS E ESTABLECIMENTO DO CORRESPONDENTE PREZO PÚBLICO – P2

Exposición de motivos.-

O Concello de Ribadeo ten, a día de hoxe, unha poboación de 10.080 habitantes dos cales o 29,5% teñen máis de 60 anos. E hai 524 persoas de máis de 65 anos que viven soas. Hai 686 persoas con minusvalía recoñecidas polo EVO (Equipo de Valoración e Orientación de referencia da Xunta de Galicia) Neste contexto o Concello de Ribadeo ve preciso e convinte prestar o servizo “xantar sobre rodas”.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, incorpora dentro dos programas de servizos sociais diversas actuacións entre as que podemos atopar a presente.

A Lei de Bases de Réxime Local establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das suas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

No artigo 25.2.k desta Lei sinálase que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias; “prestación dos servizos sociais e promoción e reinserción social.”

En virtude do que antecede, establécese a ordenanza reguladora de prestación do servizo e o correspondente prezo público:

CAPITULO I

Art. 1.- OBXECTO E AMBITO DE APLICACIÓN.

O presente Regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo de comedor “xantar sobre rodas”, e a regulación do prezo público correspondente.

Art. 2.- FUNCÍONS.

Este servizo público ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas maiores ou con minusvalías que lle provocan certo nivel de dependencia.

Con este servizo tentarase complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello de Ribadeo, e prestar maior atención ás persoas que o precisen no seu propio entorno, evitando ou retrasando a súa institucionalización.

O servizo prestarase con respecto á dignidade persoal e o dereito individual a programar a propia forma de vida, con autonomía individual na toma de decisións que lle afecten.

Art. 3.- DOS USUARIOS.

3.1.- Poderán ser usuarios do servizo “xantar sobre rodas” as seguintes persoas ou grupos:

- Persoas maiores que vivan soas e con certo nivel de dependencia, que non teñan ninguén que os atenda o suficiente en actividades básicas da vida diaria: preparala comida, etc,...
- Unidades de convivencia formada por unha ou varias persoas maiores con certo nivel de dependencia e que precisen axuda nas tarefas antes mencionadas.
- Persoas con discapacidade que grazas a este servizo poidan ver mellorada a súa calidade de vida.
- Persoas en xeral que por situación de: enfermidade, falta de recursos sociais, falta de recursos económicos, soidade, etc,...teñen dificultades para desenvolverse por si mesmos e este servizo poida melloralas a súa calidade de vida.

3.2.- Requisitos xerais para ter acceso ao servizo:

- Empadramento e residencia no termo municipal do Concello.
- Que non presenten un grao de deterioro físico ou psíquico tal que precisen un internamento asistido, posto que este servizo é prestado no fogar dos usuarios.
- No caso de existir máis demanda que prazas priorizaranse aos usuarios de acordo co baremo previsto ao efecto.

CAPÍTULO II

Art. 4.- PROCEDEMENTO DE ACCESO AO SERVIZO

4.1.- As persoas interesadas no servizo “xantar sobre rodas” presentarán unha solicitude en modelo normalizado que lle será facilitada nos servizos sociais municipais.

4.2.- Deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- D.N.I do solicitante.
- Copia de declaración da renda ou certificación negativa de facenda.
- Certificado da pensión ou pensións.
- Xustificación de outros ingresos, de existiren.
- Certificado de convivencia.
- Informe médico no que conste o tipo de dieta do solicitante.
- Certificado da certificación de minusvalía, de selo caso.

4.3.- As solicitudes serán avaliadas dacordo cos requisitos deste regulamento, así como, se é o caso, o baremo aprobado para o efecto.

O traballador social emitirá informe de proposta á Alcaldía para que ésta emita a resolución que proceda ao abeiro do ordenamento xurídico. Xunto coa notificación da Resolución da Alcaldía

autorizando o acceso ao servizo o usuario recibirá un impreso de domiciliación bancaria para que se lle efectúen os cargos correspondentes á súa aportación ao servizo cando sexa procedente, segundo o baremo de aplicación.

Art. 5.- BAREMO PARA A SELECCIÓN DE USUARIOS.

5.1.- Este baremo soamente se aplicara no caso de que a demanda de servizos supere o número de prazas ofertadas.

5.2.- Aplicarase o baremo que figura como ANEXO 2 da presente ordenanza.

5.3.- Si o número de prazas ofertadas estivera cuberto na súa totalidade, nembargantes os solicitantes poderán acceder á prestación do servizo pagando o custo total do mesmo, efectuando o pago directo á empresa que o preste.

CAPÍTULO III PREZO PÚBLICO

Art. 6.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público, regulado nesta ordenanza, quenes se beneficien dos servizos e actividades do programa municipal de “xantar sobre rodas”, en concepto de suxeitos pasivos.

Art. 7.- REPERCUSION DO PREZO SOBRE OS USUARIOS DO SERVIZO

Para obte-los importes que deberán repercutir a cada un dos beneficiarios do servizo, aplicarase unha porcentaxe sobre o precio/menú fixado en cada exercicio. Dita porcentaxe será determinada en función do baremo que se establece nas taboas do ANEXO 1 da presente ordenanza.

O prezo público mensual, a aboar polos usuarios, será determinado no acto de concesión do servizo, e os usuarios deberán obrigatoriamente efectuar domiciliación bancaria para o cobro polo Concello da súa aportación.

CAPÍTULO IV DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

Art. 8.- O Concello de Ribadeo velará polo bo funcionamento deste servizo, exercendo as facultades tutelares sobre os seus usuarios, dacordo co sistema de competencias establecido na legislación básica de réxime local, e especificamente tamén da lexislacion en materia de servizos sociais.

Baixo a dirección da Alcaldía ou do concelleiro delegado que proceda, a actividade ordinaria deste servizo de “xantar sobre rodas”, terá como responsables administrativos dentro do Concello para a súa supervisión a:

- O traballador social.- que se encargará das tarefas desta natureza
- O persoal do servizos municipais, de servizos sociais e económico-administrativos que se encargarán da xestión desta natureza, acorde co procedemento legalmente establecido.

Art. 9.- DO RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

9.1. O servizo de xantar sobre rodas inclúe a preparación das comidas do xantar que serán trasladadas ao fogar dos usuarios.

9.2 Os usuarios do servizo coñecerán as dietas alimenticias específicas e os menús dispoñibles e poderán elixir o que estimen oportuno.

9.3 O servizo inclúe o transporte da comida en vehículo, sanitariamente homologado e dentro de bandexas termoseladas ata o fogar do beneficiario.

CAPÍTULO V DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS.

Art. 10.- DEREITOS

As persoas beneficiarias do servizo “xantar sobre rodas” terán os seguintes dereitos:

- Acceder ao servizo e recibilo sin discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera condición circunstancial , persoal ou social. As persoas que padezan algunha discapacidade gozarán da protección que lles atribuen as leis e, en todo caso, a prestación

deste servizo garante a súa plena integración.

- A debida consideración no trato por parte do persoal do servizo.

- Ao segredo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social

- A unha asistencia individualizada acorde as súas necesidades específicas.

- A coñecer con antelación os menús.

- A deixar de utilizar o servizo por vontade propia, previa manifestación escrita diante dos Servizos sociais do Concello.

- A utilizar as vías de reclamacións, queixas , preguntas e/ ou suxestións .

- A seren indemnizados polos danos que lles poidese ocasionar o funcionamento do servizo.

Art. 11.- DEBERES

Terán, ademáis dos que resulten do ordenamento xurídico, os seguintes deberes:

- Cumplir as normas sobre o acceso e utilización dos servizos, establecidas no presente regulamento e no resto do ordeamento xurídico.

- Tratar co máximo respecto ao persoal do servizo e coidar os utensilios empregados.

- Facilitar a información precisa, que non afecte a súa intimidade e redunde na mellora das prestacións.

- Avisar dos cambios que se produzan na unidade familiar e que afectaron a concesión do servizo, así como das ausencias do domicilio.

- Notificar ao Concello a súa vontade de renuncia ao servizo.

- O aboamento, de se-lo caso da aportación ao prezo público, segundo o baremo do anexo 1.

Art. 12.- En todo caso serán tamén de aplicación os dereitos e deberes sinalados no capítulo terceiro da Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia.

CAPÍTULO VI PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO DE XANTAR SOBRE RODAS.

Art.13.- A condición de usuario deste servizo perderase por calquera das seguintes causas:

- Falecemento.
- Modificación das causas que deron lugar á concesión da prestación.
- Ingreso nun centro residencial.
- Por renuncia voluntaria do usuario ou do su representante legal.
- Por incumprimento reiterado das obrigas propias deste servizo.
- Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas na presente ordenanza.
- Por deixar de prestarse o servizo.
- Por non ter crédito orzamentario suficiente e ter que priorizar entre os beneficiarios de xantar sobre rodas.

CAPITULO VII RÉXIME SANCIONADOR

Art. 14.- Os usuarios de xantar sobre rodas serán responsables dos danos e perxuizos que por acción ou omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios. Sen prexuízo da responsabilidade penal ou civil en que pondera incorrer, serán obxecto de procedemento sancionador que, con carácter xeral, establece a Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Art. 15.- Para os efectos previstos no artigo anterior as faltas clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Faltas moi graves:

- A reiteración de 3 ou máis faltas graves.
- Agresión física ou malos tratos ao persoal que traballe neste servizo.
- Falsar ou ocultar declaracións ou achegar datos inexistentes en relación coa condición de usuario do servizo.
- Ocasionar danos relevante nos bens e medios propios do servizo.

Faltas graves:

- A reiteración de 3 ou máis faltas leves.
- Entorpecer intencionada e habitualmente as actividades para realizaren os servizos.
- A sustracións de bens ou calquera clase de obxecto propiedade do servizo.
- A demora inxustificada do pagamento do prezo público correspondente.
- A utilización do servizo por parte de familiares e/ ou amigos.

Faltas leves:

- Falta de respecto, actitudes desconsideradas ou inconvintes hacia o persoal do servizo.

- O descoido ou negligencia no uso dos medios que afectan ao servizo.
- Calquera outro incumprimento que non teña consideración de falta grave ou moi grave.

Art. 16.- As sancións que se lle impoñan aos beneficiarios de xantar sobre rodas serán as seguintes:

Faltas moi graves:

- Suspensión temporal da prestación deste servizo por período superior a un mes, podándose chegar ata a expulsión definitiva.

Faltas graves:

- Suspensión temporal do servizo por periodo de dez días ata un mes.

Faltas leves:

- Amonestación verbal ou escrita.

Art. 17.- As faltas leves preescribirán aos dous meses, as graves aos catro, e as moi graves ao ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicase ao interesado a incoación do expediente ou, no caso de faltas leves, se lle impuxese unha sanción.

As faltas serán sancionadas polo Alcalde-Presidente.

DISPOSICIÓN FINAL

1. Correpóndelle ao Concello de Ribadeo aplicar e interpretar as disposicións contidas neste regulamento, sen prexuízo das facultades que en todo caso lles correspondan aos tribunais.

2. Elaborarase un contrato que asinará o usuario.

3. Para o non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Lei 7/85 de 2 de abril e Regulamentos que a desenvolven, Lei 4/ 93 de 14 de abril de Servizos Sociais de Galicia, Lei 3/97 de 9 de xuño, galega de protección

á familia, infancia e adolescencia e demáis normativas estatais e autonómicas de protección á familia, infancia e adolescencia.

ANEXO 1 PREZO PÚBLICO INGRESOS DO BENEFICIARIO APORTACION

INGRESOS DO BENEFICIARIO	APORTACIÓN
Inferiores a unha PNC	Exento
Beneficiario de PNC	25% do coste
Dende 328,45 ata 492,49 euros	35 % do coste
Dende 492,50 ata 738,75 euros	60 % do coste
Dende 738,76 ata 985,00 euros	90 % do coste

De 985,01 en adiante	100 % do coste
----------------------	----------------

ANEXO 2 BAREMO PARA A SELECCIÓN DOS USUARIOS

1.- CAPACIDADE DA PERSOA PARA REALIZAR AS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA.

Teranse en conta os aspectos que a continuación se sinalan, valorandoos da seguinte forma:

- Normalmente= 0 puntos
- Con dificultade= 2 puntos
- Non pode= 5 puntos
- Pode limpar e fregar a casa.
- Pode lavar, tender e pasar o ferro.
- Pode cociñar e lavar os pratos.
- Pode erguirse, deitarse na cama, cadeira ou cadeira de brazos.
- Pode erguirse e espirse só.
- Pode asearse e bañarse só.
- Pode andar só.
- Podo comer só.
- Posue control de esfínteres.
- Posue orientación temporal e espacial.
- Posue actitude coherente.
- Pode realizar compras nas tendas.
- Pode realizar xestións (médico, banco...)
- Pode subir escaleiras.
- Permanece encamado (non, con frecuencia, si)

2.- SITUACIÓN FAMILIAR (puntuación máxima 10 puntos)

- Vive so e carece de familiares 10 puntos
- Convive con persoas sen capacidade para atendelo:
 - Maiores de 65 anos 3 puntos
 - Minusválidos ou enfermos 3 puntos
 - Carencia de tempo 1 punto
 - Incapacidade para organizarse 2 puntos
- Vive so pero ten familiares (fillos) con capacidade para atendelos no Concello de Ribadeo 5 puntos
- Os familiares neganse a atendelo 5 puntos

3.- SITUACIÓN SOCIAL (puntuación máxima 18 puntos)

A) Vivenda (1 punto por cada item, ata un máximo de 12 puntos)

- Non ten luz eléctrica
- Non ten auga corrente
- Non posue WC

- Non posue cuarto de baño completo
- Non ten neveira
- Non ten quentador
- Non ten lavadora
- Estructura en moi mal estado
- Non reúne condicións mínimas de habitabilidade
- Posue barreiras arquitectónicas
- A superficie mínima da vivenda é insuficiente (15 m² por persoa)
- Vivenda illada do núcleo onde se localizan os servizos básicos

B) Entorno (máximo 6 puntos)

- Ten solicitado internamento 1 punto
- Debería ingresar nun centro pero non quere 2 puntos
- Non ten posibilidade de ingreso pero necesitan 3 puntos
- Situación de illamento 3 puntos

4.- SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 30 puntos)

- Ingresos por salario, pensións, prestación desemprego...
- Xuros bancarios (superiores a 360 euros anuais)
- Rendementos de capital mobiliario.
- Outros ingresos en metálico (alugueiros, doazóns...)
- Outros ben mobles ou inmobles, aparte da vivenda habitual (aplicarase o 2% do valor catastral)
- A suma total dos ingresos descontaráselle o importe do aluguer ou mensuralidade da hipoteca da vivenda habitual.
- No caso das pensións e nóminas os ingresos anuais dividiránse entre 12
- Co resultado destas operacións obterase unha media mensual (renda base) , e coa aplicación da taboa 1 obterase a puntuación deste apartado.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 10 de marzo de 2008 e publicada definitivamente no BOP número 116 de 22 de Maio de 2008